

## HISTORIAL DO GRUPO DE TEATRO DA S. C. R. D. "AGARIMO" DE SILLOBRE.

A idea de formar un grupo de teatro na Sociedade Agarimo, xurdiu na Asamblea Xeral de socios en decembro de 1969, sendo entón presidente da entidade D. Demetrio Sixto Mauriz, quen encargou deste cometido ao socio nº 67, D. Andrés Picallo Maceiras, persoa moi vinculada ao mundo do teatro amator; concedéndolle, coa aprobación da asamblea, atribucións plenas como director do grupo: elixir as pezas a representar, reunir os actores e actrices precisos, deseñar e elaborar as decoracións ou fixar condicións de ensaio.

Nas datas seguintes formouse un grupo mixto ao que se lle pon o nome de "Agrupación Artística Agarimo", formada polos seguintes compoñentes:

- Andrés Picallo Maceiras
- Antonio Villanueva Aguilar
- Evaristo Cinza Blanco
- Juan Rivera Maceiras
- Alfonso García
- Ramón García Rey
- Purita Cernada Basoa
- Ana López Rodríguez
- Charo Saavedra Vázquez
- Pianucha Sixto Carregado
- María Teresa García Bellas
- Gelis Rivera Maceiras

A primeira obra elixida foi a comedia en tres actos "LOS MARQUESES DE MATUTE", que según o costume de entón foi escenificada en castelán, tal e como estaba escrita, acompañada do pasatempo "MAL DE MOITOS".

A súa representación tivo lugar na Sala de baile da localidade, chamada "SALÓN GALICIA", o día 21 de Maio de 1970, con tan masiva asistencia de público que fora considerada velada histórica para a Sociedade Agarimo.

A partir desa data, foron sucedéndose as representacións durante anos sen interrupcións. Sempre comedias de costumes, con preferencia polo teatro de Afonso Paso e Carlos Llopis, e tamén en moitas ocasións, con guións escritos ou adaptados polo director.

Ata o ano 1975 os textos eran en castelán. A partir desa data e ata hoxe son interpretados en lingua galega. As obras que foran representadas en castelán, foron dez ou quince anos máis tarde, traducidas e adaptadas para representalas en galego.

Ao longo dos anos fóronse incorporando novos compoñentes ó grupo. Ás veces por esixencias do guión, e outras para substituír aos que por distintos motivos non podían seguir.

## HISTORIAL DO GRUPO DE TEATRO DA S. C. R. D. "AGARIMO" DE SILLOBRE.

Nos 37 anos de historia do grupo, podemos citar ás seguintes persoas, que formaron parte do grupo, sempre as ordes do mesmo director:

<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
Aquilino Fraga Novo	Isabel Arnoso
Antonio Cabada	Amparito Buyo
Luis A. Maceiras Rodríguez	Lolita Rey
Juan López Allegue	Mari-Rosa Anca Chao
J.Manuel Carro Fernández	María José Rodríguez Pereira
Manuel Padín Basoa	Carmiña Ramírez López
Juan Angel Feal	Lolina Sixto Carregado
José Carlos Feal	Margarita Rodríguez
José Teijeiro	Milita Villanueva Dobarro
Angel Teijeiro	Conchita García Fraga
Enrique Aneiros Allegue	Aurelia María Picallo Merlán
Tito Freire	Mari Carmen Martínez.
J. Ramón Tenreiro	Susi Barcia Calvo
Luís Barajas Palomera	Conchita Fraga Puentes
Joselín Martínez Romero	Alicia Martínez
Juan Vidal	Pepucha López Allegue
Enrique Aneiros	Gelis Teijeiro
Francisco Sabín	Gelis López Núñez
Agustín Formoso Piñeiro	Conchi Galdo Anca
Pablo Doce Sueiras	Elena Carballeira
Francisco Martínez	Ángeles Gabeiras
José Salgado Miraz	Beatriz Gabeiras Cupeiro
Roberto García Dobarro	Gloria Barajas
Casto Pazos	Belén Freire Fraga
Santiago Pazos	Yolanda Fernández Dobarro
Marcos González Pico	Mónica Fernández.
Manuel Carballo Rodríguez	María Formoso García
David Carballo Rodríguez	Sonia Barrero
Rafael Corbalán Cernada	Margarita Losada Cruz
Angel Nieto Pereira	Laura Feal Anca
Marino Puentes Allegue	Mari Acedo
Vicente Rey.	Asunción de Santos
Carlos Pereira	Lucía Doce Sueiras
J. Antonio Sixto Cupeiro	Iria María Haz Picallo
Antonio Sueiras.	
José Antonio López Sixto	

## HISTORIAL DO GRUPO DE TEATRO DA S. C. R. D. "AGARIMO" DE SILLOBRE.

Foron moitas as obras representadas en tantos anos. Podemos citar as seguintes e a súa data:

TÍTULO	ANO
"MI MUJER, EL DIABLO Y YO"	1970
"LA CRIATURA"	1970
"COMO CASARSE EN SIETE DÍAS"	1971
"AL FINAL DE LA CUERDA"	1972
"LA CAZA DE LA EXTRANJERA"	1973
"NOSOTROS, ELLAS..... Y EL DUENDE"	1975
"O SOAR DA GAITA"	1977
"PAROLAS NO ADRO"	1978
"OS MARQUESES DO MATUTE" (versión galega)	1979
"COUSAS DE FIDELA"	1980
"TRATO A CEGAS"	1980
"O TRASPASO"	1980
"UN TRONO PARA UN ALCALDE"	1981
"DOUS LIGUES PARA UNHA NOITE" (estrea local)	1983
"ENREDOS DA XENTE NOVA"	1985
"A FORZA DO AMOR"	1986
"SAN ANTÓN MILAGREIRO"	1987
"O REMATE DA CORDA"	1988
"¿QUÉN É MIÑA TÍA?"	1991
"O DUENDE DAS MULLERES"	1992
"O CAMPO DOS BOIS"	1994
"O CASAMENTO DE LAURA"	1997
"AS QUE ALTERNAMOS"	1998
"CERROUSE A ACADEMIA"	1998
"VAMOS DE LIGUE"	2001
"O PAI DO RAPÁS"	2002
"PETICIÓN DE MÁ"	2002
"OS CELOS DE DEMETRIO"	2003
"OS SEPARADOS"	2005
"JUAN O LOCO"	2006
"O ENFADO DE PAPÁ"	2007

## **HISTORIAL DO GRUPO DE TEATRO DA S. C. R. D. "AGARIMO" DE SILLOBRE.**

No ano 1972 pechou o "Salón Galicia," e por esta causa, trasladáronse as representacións ó Cine "Franlaza " de Fene, e máis tarde ao "Perla " de Perlío.

En decembro de 1981, estreouse a obra "Un trono para un Alcalde", no Salón de Actos do colexio "Lestonac" de Caranza, a onde se trasladaron os socios en autocares, fletados pola Sociedade.

A partir do ano 1983, as veladas de teatro, xa podían celebrarse no Local Social, aínda que por aquel entón, non reunía condicións acústicas moi axeitadas.

A maior parte das obras estreadas dende 1977 ata o 2006, foron representadas polo Grupo "Agarimo", nas distintas sociedades da comarca. En Fene, Perlío, Barallobre, Maniños, O Seixo, Franza, San Xoán, Limodre, Redes-Caamouco, Ares, Mugar dos, Chanteiro, Capela, Lavandeira, Magalofes, Neda, Xuvia, San Sadurniño, Narón; e fóra da comarca, en Padrón, Santa Uxía de Ribeira, Teo, Ortigueira e a Barqueira.

A finais de 1974, fórmase dentro da Agrupación o "Grupo de Baile Rexional" mixto, composto por adultos e rapaces. Este grupo, fixo a súa presentación aos socios, o día 15 de xuño de 1975, no adro da igrexa parroquial da localidade. Co paso do tempo, os adultos deixaron de bailar, quedando o grupo en infantil-xuvenil.

Por ser o único grupo que había na zona en aquel intre, era reclamado para moitos festivais. Pode dicirse que coas 12 parellas que chegou a ter, actuou en toda a bisbarra; nas festas de Ferrol na Praza de Armas, e tamén no día da muiñeira na Praza do Obradoiro, e na Praza da Quintana nas festas do Apóstolo, ambas en Santiago.

No ano 1982, problemas de saúde obrigaron ó director Andrés Picallo, a deixar o grupo de baile. Ningún dos compoñentes de máis idade quixo seguir ó frente del. A parte deles, o director facilitoulles o paso ó "Toxos e Froles" do Ferrol.

Os rapaces que formaban o grupo infantil, quedaron a cargo de Mari Carmen Martínez ata que se disolveu o grupo.

En xaneiro de 1976, formouse o Grupo de Teatro Infantil-Xuvenil con parte dos compoñentes do grupo de baile, para facer a súa presentación na Primeira Xornada das Letras Galegas que Agarimo celebrou os días 29 e 30 de Maio dese mesmo ano. (Ver Programa). Este Grupo de teatro, tamén recorreu, varias sociedades e colexios da comarca, simultaneando o teatro e o baile. Parte dos compoñentes, ó ir cumprindo anos, foron pasando ó grupo dos maiores.

En 1981, o director da Agrupación, e a Xunta Directiva, deciden que a velada anual de Teatro, se faría a ser posible, o derradeiro sábado de maio, e serviría de peche ás Xornadas das Letras Galegas. Esta velada adoita ser de alta concurrencia de público. Ao ser considerada un acto cultural de entrada libre, achéganse afeccionados de toda a comarca que ateigan o gran Salón de actos da Sociedade "Agarimo".